



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO
POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE EMBARCACIÓNS
SELECCIONADAS PARA ELABORAR AS LISTAS PARA O INCREMENTO DO NÚMERO
DE COTAS DE CAPTURA NO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO
DE ANEMONE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA.

ANTECEDENTES

1. A Orde do 20 de decembro de 2018, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 aproba o plan de xestión para o recurso específico de Anemone, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire desde superficie, para a Confraría da Illa de Arousa establece a participación de 18 embarcacións e 40 mergulladores nas embarcacións incluídas no plan de xestión.
2. O decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas na disposición transitoria segunda prorroga os plans de xestión para recursos específicos aprobados para o ano 2019 pola orde do 20 de decembro de 2018.
3. Como resultado do proceso de renovación da modalidade de recurso específico de Anemone realizada no ano 2019 axustáronse o número de cotas de captura das embarcacións de xeito que quedaron 3 cotas vacantes.
4. Por resolución da xefatura territorial de vigo publicada o 17 de xaneiro de 2020, convocouse o proceso selectivo para o incremento do número de cotas de captura no permiso de explotación para recursos específicos na modalidade de Anemone.
5. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron cinco (5) solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos establece no artigo 42.1: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A Orde do 30 de decembro de 2015 determina nos seus artigos 39 a 46 os requisitos e o procedemento para o incremento de número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.
3. A Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal



explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos. O apartado C do citado baremo establece os criterios para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

4. A Xefatura Territorial de Vigo é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación de conformidade co establecido no artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional das embarcacións seleccionadas para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico de Anemone da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

Contra o disposto nesta resolución poderase presentar alegacións no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial de Vigo da Consellería do Mar.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa territorial





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal

galicia

ANEXO I

Lista para o incremento de cotas de captura no plan de xestión para o recurso específico de

Anemone da Confraría da Illa de Arousa

SOLICITUDES ADMITIDAS

(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EMBARCACIÓN CUNHA SOA COTA DE CAPTURA NO PLAN DE XESTIÓN	2. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR	3. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	TOTAL
ANGIE UN	3CO-7-3282	5	4	3	12
ELVIRA	3VILL-5-743	5	4	3	12
RINCHA	3VILL-3-9630	0	4	3	7
SENECA	3VI-5-10046	5	4	0	9
YOVANA	3 VILL-5 638	5	4	3	12

